

MANIFESTO SOBRE DILIXENCIA DEBIDA, 14 SETEMBRO 2023

Reunímonos hoxe neste Círculo de Silencio nunha nova denuncia pacífica e silenciosa para chamar a atención sobre as inxustizas que xerou a globalización e sobre a necesidade de ter modelos empresariais máis xustos e sostibles.

Queremos lembrar hoxe a inxustiza que viven as vítimas de abusos por parte das grandes corporacións multinacionais, e o silencio por parte dos políticos e as empresas á hora de previr e reparar as vulneracións sobre os dereitos humanos e o medioambiente.

Con demasiada frecuencia, empresas que non o fan ben se lucran a través da explotación das persoas e do planeta. As súas actividades contribuíron ao cambio climático, á perda da biodiversidade, ao menoscabo dos dereitos sindicais e dos traballadores, ao traballo forzoso e infantil, ao aumento da pobreza, así como ao asasinato das persoas defensoras dos dereitos humanos e do medioambiente. Estes impactos vense agravados cando as empresas operan en países onde non existen ou non están debidamente garantidas as leis que protexen os dereitos humanos e o medioambiente. Na actualidade existen importantes lagoas de responsabilidade. A través de complexas cadeas mundiais de subministración é fácil eludir a responsabilidade polos danos que se producen noutros países sobre os dereitos humanos e o medioambiente, quedando moitos destes danos impunes e as vítimas sen posibilidade de acceder á xustiza.

Lembramos algunhas cifras deste impacto:

- 6 millóns de mulleres están expostas á explotación laboral no sector privado
- O traballo infantil segue en niveis alarmantes: 160 millóns de nenos e nenas (a poboación total de Alemaña e Reino Unido xuntos) traballan no mundo, o 70% na agricultura.
- A deforestación arrasou 43 millóns de hectáreas en todo o mundo, unha superficie case equivalente a España, sendo a agricultura comercial unha das principais causas.
- 200 persoas defensoras da terra e do medio ambiente foron asasinadas en 2021. En América Latina, onde España é o primeiro investidor europeo e o segundo a nivel mundial, só por detrás de EE.UU, 150 activistas ambientais foron asasinados, o 40% pertencían a pobos indíxenas.

Esta situación require dunha acción inmediata. A Unión Europea debe aprobar unha lexislación que defina as obrigacións das empresas e que asegure o acceso á xustiza para as vítimas de violacións de dereitos humanos e medio ambientais.

Mañá 15 de setembro e o sábado 16, reúnen-se en Santiago de Compostela ministros e ministras de finanzas europeos, latinoamericanos e do Caribe. O obxectivo deste cumio é estreitar lazos económicos, comerciais e políticos entre ambas as rexións e definir proxectos de investimento que axuden a enfrontar os grandes desafíos globais como a transición verde, a reactivación económica ou a transformación dixital.

O papel do sector privado é fundamental na construción dunha economía global xusta e sostible. Actualmente estase negociando na Unión Europea a Directiva Europea sobre Dilixencia Debida das empresas en materia de sustentabilidade. Esta directiva é crucial para que as empresas eliminen prácticas que promoven o traballo infantil, o traballo forzoso, a contaminación e a degradación ambiental e significaría un gran paso cara a unha Economía Global Xusta e Sostible.

Pedimos que as ministras e ministros europeos presentes en Santiago escoiten á cidadanía e impulsen durante a Presidencia española do Consello da UE a aprobación definitiva da Directiva Europea sobre Dilixencia Debida das empresas en materia de sustentabilidade, para crear unha relación Norte-Sur máis horizontal, inclusiva, baseada en dereitos e que protexa ás persoas e ao planeta.

Está nas súas mans!